

## Ampliación Unidade 2.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Lectura

A ambos os dous lados amontoábase baúis, caixas e algúns trastes retirados: unha mesa coxa, cadeiras escangalladas, unha gaiola aberta e baleira coma unha flor murcha... Todas aquelas cousas sen uso parecían tristes, coma se fosen seres rexeitados.

Carolina dirixiuse a unha das caixas e comezou a sacar libros que foi amoreando sobre a mesa, despois de quitarlle o po cun trapo. Tamén os libros estaban empoeirados a pesar de estaren gardados, e ela íaos repasando coidadosamente antes de darllos a Héctor.

—A ver se encontramos o dos soños... Xa non sei onde o metín, pero se ves algún que che interese, pódello coller.

Héctor nunca pensou que chegaría a sentir curiosidade por uns obxectos tan afastados dos seus gustos e costumes, mirados sempre con apreensión e cunha mestura indefinible de resignación e preguiza: os libros. Non obstante, aqueles vellos volumes, que exhalaban un murcho perfume de tempo e abandono e dos que as tapas deterioradas deixaban ver manchas de humidade, atraíano coma se fosen pezas dun estraño tesouro só para el.

Seleccionou uns cantos: *Mnemotecnia* (técnicas para mellorar a memoria); *Historia da piratería* por B. Handerson; *Viaxe ao centro da Terra*, *A illa misteriosa*, *Dous anos de vacacións*, todos eles de Xulio Verne. Chamábanlle a atención as fermosas láminas antigas que os ilustraban. Apartou tamén unha biblia ilustrada por Doré, retirada sen dúbida polo moi estragada que se encontraba por causa da humidade. Contemplou enfeitizado a lámina de Adán e Eva no paraíso; a de Xosé e os seus irmáns; a do paso do mar Vermello...

—Ben, ben —reprochou a súa curmá rindo-, non cres que estás collendo demasiados? Non sei se che vai dar tempo a lelos todos. Crin que non che gustaba ler.

—Non me gusta ler o que é obrigatorio. Pero isto é distinto. Ho, se todos puidésemos elixir o que queremos ler, coma cando elixes o menú nun restaurante... Isto si que sería... demasiado. Ler só o que nos interesa e o que necesitamos saber de verdade.

—Ben —atallouno Carolina—. Eu subo aquí e sívome «á carta» os libros que me gustan. Pero pódese facer o mesmo nas bibliotecas e nas librarías.



C. JIMÉNEZ DE CISNEROS

## Ampliación Unidade 2.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

#### 1. Contesta as seguintes preguntas.

- Quen son os protagonistas da historia?

Héctor e a súa curmá Carolina

- Que non lle gustaba a Héctor? Por que?

Non lle gustaba ler, porque non lle gustaba ler o que era obrigatorio.

- Que libros colleu Héctor?

Mnemotecnia, Historia da piratería, Viaxe ao centro da Terra, A illa misteriosa, Dous anos de vacacións.

- Como estaban todos os libros?

Cheos de po e humidade.

#### 2. Busca no dicionario as palabras seguintes e anota o seu significado.

empoeirados    aprehensión    resignación    exhalaban    enfeitizado

Empoeirados: cubertos de po; aprehensión: actitude de quen desconfía de algo, sen fundamento ou con pouco motivo, por temer algún perigo; resignación: actitude de ánimo con que se soporta ou acepta unha cousa desagradable ou sen remedio, sen protestar nin reaccionar en contra; exhalaban: desprendían; enfeitizado: exercer sobre alguén unha atracción irresistible.

## Ampliación Unidade 2.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

#### 1. Completa.

- As palabras primitivas son aquelas a partires das cales se forman outras palabras novas.
- As palabras derivadas son aquelas que se forman engadíndolle prefixos ou sufixos ao lexema.

#### 2. Pon cinco exemplos de palabras primitivas e cinco de palabras derivadas.

Resposta libre.

---

---

---

---

---

- Que forman o conxunto de palabras primitivas e derivadas?

Unha familia léxica.

---

#### 2. Cales das seguintes palabras son primitivas? E cales derivadas?

Submarino → derivada

Percorrer → derivada

Noite → primitiva

Flor → primitiva

Trigal → derivada

Pan → primitiva

Librería → derivada

Mesiña → derivada

#### 3. Completa o cadro seguinte coas palabras derivadas anteriores.

Palabra derivada	Palabra primitiva	Prefixo	Sufixo
Submarino, Trigal Librería, Percorrer Mesiña	Mar, Trigo, Libro, Correr, Mesa	Sub- Per –	-ino -al -aría -íña

## Ampliación Unidade 2.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Expresión escrita

**1. O protagonista da lectura inicial empeza a interesarse pola lectura. Escribe cinco argumentos que se che ocorran para defender a lectura.**

Resposta libre.

---

---

---

---

---

**2. Dos argumentos seguintes para defender a lectura, cales son obxectivos e cales subxectivos?**

- Ler é moi útil para ampliar vocabulario. \_\_\_\_\_ obxectivo
- As persoas que len teñen moito mellor nivel ortográfico. \_\_\_\_\_ obxectivo
- A lectura axuda a mellorar a expresión escrita. \_\_\_\_\_ obxectivo
- A lectura axuda a mellorar o nivel cultural dos pobos. \_\_\_\_\_ obxectivo
- Ler axuda a pasar mellor as horas mortas. \_\_\_\_\_ subxectivo
- A lectura fai sentir a un, ben e acompañado. \_\_\_\_\_ subxectivo
- Leo porque me gusta. \_\_\_\_\_ subxectivo

**3. Escolle un tema, e con argumentos, a favor e en contra, escribe un texto argumentativo.**

Resposta libre.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---